

alí

GUÍA DE CULTURA, SERVICIOS E OCIO EN FERROLTERRA ABRIL 2025

#202

Exemplar gratuito



La Regenta

NO PAZO DA CULTURA

Manolo González

O próximo día 22 o mellor investigador do cinema de noso, Manolo González, presenta no Ateneo Ferrolán a biografía de Bernardino Lamas, un cineasta ferrolán afeccionado de hai cen anos cuxo auténtico nome era Alfonso Piñón. Pero tirando do fío, González atopou unha figura modernísima e todo un “woke”: xornalista, camiñante, vexetariano, feminista e galeguista impulsor de insólitos proxectos culturais.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Kiko Delgado

Aí. Levas recuperado a pioneiros do cinema galego como José Gil e Rey Soto. Que aporta o ferrolán Bernardino de Lamas?

MG. É a figura da que se conservan máis películas rodadas nos anos 20 e 30, antes da guerra. Son cintas breves por cuestión técnicas, que recollen momentos cheos de xente da vida social e cultural de Ferrol, moitos asasinados polo franquismo polo seu compromiso cívico no 36: Niebla, Quintanilla, etc., e outros que deixan de significarse como Bello Piñeiro. Consérvase case un cento de filmes no CGAI recuperados por Guillermo Escrigas, cun elemento que os caracteriza: a enorme presenza de mulleres. Bernardino, ou Alfonso Piñón -o seu nome real-, era un namorado delas. Quizais porque era moi baixinho e tímido. Admirábaas a distancia.

Aí. Como deches coa figura de Bernardino/Alfonso Piñón?

MG. Había algunha referencia a Alfonso Piñón e algunha a Bernardino Lamas pero moi vagas. Preparando o encontro de cineastas “Chanfaina Lab” de San Sadurniño fun tirando do fío e a sorpresa foi que eran a

mesma persoa, pero que había un xogo de heterónimos que se prestaba a confusión, porque ademais o home escribiu uns 300 artigos no Correo Gallego cando o xornal se facía en Ferrol, nos anos 20 e 30. Por certo que no “Chanfaina” fixemos un premio que leva o nome de Bernardino de Lamas.

Aí. Esta teima cos heterónimos, cal Pessoa ferrolán, a que cres que se debe?

MG. Ao ser de boa familia local, tiñan tendas e comercios, agochábase detrás de pseudónimos para facer as súas actividades bohemias e creativas, pero isto é unha suposición. Tiña ese xogo cos seus heterónimos. Nos seus artigos poñía a falar entre eles, e cando viaxaba pola contorna preguntáballes á xente se coñecían a un tal Bernardino de Lamas e daba con respostas sorprendentes.

Aí. Como chega a facer películas?

MG. No ano 1922 a casa Pathé crea a Pathé Baby, unha cámara de man que como un móbil hoxe democratiza a rodaxe de películas cun revelado moi sinxelo. Ao pouco a cámara véndese xa en

Ferrol, no comercio Montalbo preto de onde Piñón tiña o seu establecemento. Vela e querer facer películas foi todo un. A partir do ano 1924 témolo facendo o que antes se denominaba “cineísta”, un afeccionado sen máis aspiración que retratar o inmediato, o momento, pero un momento de felicidade que dura para sempre. Por certo non se reivindicou moito a tradición cinéfila de Ferrol.

Aquí rodouse a primeira película que se fixo en Galicia, no ano 1897 polos portugueses Alexandre Azevedo e Augusto Marqués: a botadura do acoirazado Cardenal Cisneros.

Aí. Na túa biografía é clave a afección insólita a aquela altura que o marcou: andar.

MG. Ía camiñando a todas partes, por pracer. Andaba por toda a comarca, dando paseos de 50 quilómetros nun momento en que só pobres ou xente de mal vivir o facía. Pero foi un adiantado, xustificaba esa paixón nos seus artigos citando a Rousseau, Thoreau ou Nietzsche. Andaba polo que chamaba “os noso Alpes”: Monteventoso, A Espenuca, Segañ, Marraxón, Bremao...



“A FIGURA DO CINEASTA FERROLÁN BERNARDINO DE LAMAS É INSÓLITA, UN REGALO PARA UN INVESTIGADOR”

Con el moitas veces viaxaban ou ían de romaría os seus amigos da bohemia ferrolá: o pedagogo García Niebla, Xaime Quintanilla, Bello Piñeiro, Imeldo Corral, o veterinario Rof Codina, Matías Usero, o consignatario Fernández Barreiro... Aqueles galeguistas a quen retratou nas súas películas.

AÍ. No libro citas varias características de Alfonso Piñón.

MG. Era moi modesto. E feminista, vexetariano, xustificaba nos seus artigos o

non comer carne (falamos dos anos 20!), non fuma e apenas bebe viño. Gran amante da empanada de Ferrol e gran afeccionado á música de acordeón dun tal Pepe Dopico.

AÍ. Por outra banda as súas iniciativas culturais eran insólitas. Cal destacarías?

MG. As dúas fillas, que aínda viven en América, contan que el estaba moi feliz do monumento ao Camiñante Descoñecido en Barallobre, iniciativa aplaudida por Otero Pedrayo. Sería bo que se lle recordase cun dos bancos

que rodean ao monumento. Tamén o Monte dos Poetas en Brión, outra iniciativa moi fermosa que o concello debería recuperar, así como o apoio constante ao coro Toxos e Froles, por exemplo. Fundou ademais o primeiro clube alpinista de Galicia, “Abrente”. Unha vida cultural intensa que cesa totalmente coa guerra.

AÍ. Como experto investigador do cine de noso, que se sente cando un dá cun personaxe tan insólito como Piñón?

MG. Unha emoción, case unha sensación física de ledicia. Desfrúteino moito. Temos moitas cousas del e moi interesantes pero perdeuse o mellor material, dous terzos. Se aparecera tería un valor inmenso.

05 sábado

20.00 H

FILTRO

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



A COMPANHÍA BILBAÍNA A DRAMÁTICA ERRANTE ASINA A SÚA PRIMEIRA COPRODUCCIÓN INTERNACIONAL EN COLABORACIÓN COA SALA VERDI DE MONTEVIDEO (URUGUAI).

A obra aborda a brutal represión ocorrida o 24 de agosto de 1994 contra unha multitude que manifestaba a súa solidariedade para con tres etarras residentes en Uruguai, que ían ser extraditados a España. A orixe desta coprodución foi a representación de *Altsasu* en Montevideo. *Filtro* toma como referencia materiais e documentos dos sucesos como a transcripción da cámara dos representantes, extractos do xuízo, libros, material audiovisual documental, diarios e xornais e entrevistas.

11 venres

20.30 H

BALDO MARTÍNEZ

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

16 €

JAZZ CONTEMPORÁNEO DA MAN DO CONTRABAIXISTA E O SEU SEXTETO, QUE PRESENTA MÚSICA IMAXINARIA.

Este proxecto que dirixe o compositor e instrumentista ferrolán (cofundador dos míticos Clunia Jazz, entre outras bandas) foi coproducido polo Festival de Jazz de Vitoria e estreado en 2023. A peza que presenta en concerto consta de sete movementos “e recibe todas as certificacións de excelencia inmaculada do jazz, debido á exuberancia dos arranxos, á contundencia das súas execucións e á emoción das composicións”. O sexteto inclúe instrumentos pouco habituais no jazz, como o acordeón e a marimba. O concerto está organizado pola Sociedade Filarmónica Ferrolá.

edicións **embora**

Manolo González
O cineísta andarengo

A propósito de Bernardino de Lamas

Á VENDA
O 22 DE
ABRIL



12 sábado 20.30 H

LOS MAMBO JAMBO ARKESTRA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL) 16,50 €

O CUARTETO CATALÁ, ACOMPAÑADO DOUTROS DOCE MÚSICOS, PRESENTA “EL GRAN CICLÓN”, O SEU DISCO DE 2023.

Volven Los Mambo Jambo ao Jofre, desta vez no seu formato “arkestra” (acompañados dun guitarrista, cinco saxos, tres trompetas e tres trombóns) para dar aínda máis potencia ao seu son habitual. Renden homenaxe á enerxía do rock and roll e o rhythm blues orixinario trasladándoa ao noso século. A revista Aí ofrece os datos deste concerto grazas á web de venda de entradas Ataquilla. Ao peche desta edición, o Concello de Ferrol non anunciou este evento, mantén baleira a súa páxina web e inactivas as súas redes sociais.

12 sábado 20.00 H

LA REGENTA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

16 €



LA REGENTA É UNHA DAS GRANDES NOVELAS DA LITERATURA ESPAÑOLA DO SÉCULO XIX. RETRATA O AMBIENTE DUNHA PEQUENA CIDADE DOMINADA POR UNHA CLASE ALTA OCIOSA E UN CLERO QUE IMPÓN UNHA MORAL HIPÓCRITA E ASFIXIANTE.

Adaptada da obra de Leopoldo Alas Clarín por Eduardo Galán e dirixida por Helena Pimenta, esta peza da compañía Secuencia 3 coproducida polo Teatro Fernán Gómez é a historia do enfrontamento entre a paixón desbordada dos desexos e do amor fronte ás cadeas da moral social provinciana e a traizón. Con escenografía contemporánea e un esforzado traballo técnico, o elenco brilla nesta adaptación, quizá unhas das mellores dos últimos tempos.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
 15402 **FERROL** - A Coruña
 Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**
 e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

25/26 venres/sábado

20.30/20.00 H

RECONVERSIÓN

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



RECONVERSIÓN É UN ESPECTÁCULO DE GRAN FORMATO PARA PÚBLICO ADULTO, CON OITO ACTORES QUE FORMAN UNHA CHARANGA E INTERPRETAN A BANDA SONORA EN DIRECTO.

Entre o íntimo e o político, o proxecto, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, é un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión no sector naval na Ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, un home que traballou no estaleiro Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viviu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80.

24-26

17 SEMANA DE POESÍA SALVAXE

Poesía

VARIOS ESPAZOS (FERROL)



VINTE POETAS DE ESPAÑA E PORTUGAL PARTICIPARÁN EN LECTURAS E PERFORMANCES DURANTE TRES DÍAS.

Espazos como o Ateneo Ferrolán, o antigo hospicio, o Centro Cívico de Canido, o mercado de Recimil e os bares Manchita e Cuerda Floja acollerán a Miren Agur Maeva e Silvia Abad Montolú (día 24 ás 18:00 h no Ateneo), Anxo Angueira (día 24 ás 19:30 h no Hospicio), Estevo Creus, Felipe Zapico, Baldo Ramos ou Lucía Aldao entre moitos outros.

edicións **embora**

Las adorables derrotas

Juan Carlos Valle *Karlotti*

A venda en librerías



PROGRAMACIÓN
2025

**Non
paizo**

ABRIL

S **05** 20:00 HORAS

TEATRO
SALA VERDI + LA DRAMÁTICA ERRANTE

FILTRO

V **11** 21:00 HORAS

MÚSICA ROCK
ANDRÉS BALADO

TRIBUTO A BRUCE SPRINGSTEEN

S **12** 20:00 HORAS

TEATRO CLÁSICO
SECUENCIA 3 ARTES Y COMUNICACIÓN

LA REGENTA

V **25** 20:30 HORAS

S **26** 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
IBUPROFENO TEATRO

RECONVERSIÓN

MAIO

V **09** 20:30 HORAS

TEATRO
TEATRO DEL TEMPLE

BODAS DE SANGRE

S **17** 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
SARABELA TEATRO

A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES

V **23** 20:30 HORAS

S **24** 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
GRUPO CHÉVERE

HELLEN KELLER, A MULLER MARABILLA?

ESTREA DESTACADA | 16 DE ABRIL



LA VIAJERA

Hong Sangsoo

Isabelle Huppert

Como se enfrentou ao personaxe e que lle atraeu á hora de aceptar o filme?

O que me atraeu de entrada foi a posibilidade de traballar con Hong Sangsoo, con quen xa fixera dous filmes. A súa forma de traballar é única. É o único ao que coñezo que fai filmes así. Entusiasmábame a idea de repetir a experiencia. De feito, é complicado proxectarte no personaxe ou na historia porque non hai personaxe nin historia. E iso é tamén o que me gusta: que é máis que un personaxe ou unha historia, que é unha forma de capturar o momento presente e un certo estado dunha persoa enfrentada a certo mundo. Tes que estar moi aberta a esa visión. E iso é o que me gusta de traballar con Hong, que non podes traballar da mesma maneira que o farías

con outro director. É outra forma de traballar. É unha experiencia única, porque, unha vez máis, non podes pensar como un personaxe, aínda que ao final do día si tes un personaxe, tes algo único.

“é máis que un personaxe ou unha historia, é unha forma de capturar o momento presente”

Vin o filme e emocionoume, porque creo que di moito sobre a soidade de alguén, sobre o seu intento de irse e conectar con outra xente. Ao final creo que é unha declaración case filosófica sobre o que significa estar vivo, ser un ser humano, o que significa estar só e estar con alguén. É un tema importante. Por iso me encantou facer o filme.

Como ve que o seu personaxe se perda na súa

viaxe interior e os demais personaxes reflectan, en moitos sentidos, a súa propia viaxe?

Ela interroga á xente da súa contorna, dunha forma moi obsesiva. Non deixa de facer a mesma pregunta, algo que me parece gracioso a maioría das veces. É case coma se forzase a todos os que atopa a ser conscientes de algo e aceptar os seus problemas. Fórzalles a dicirse a verdade. Creo que ela é así. Non é unha guía, senón alguén que axuda aos outros a revelarse. Quizá por iso beba makgeolli para esquecer iso. Porque ten certa consciencia de como é o mundo, e quere que a xente sexa consciente de si mesma. Tamén é un pouco maliciosa co que fai, ao facer que os outros se cuestionen continuamente a si mesmos.

Atalante (dossier de prensa)

Tren de sombras

A NOSA SECCIÓN DE TÍTULOS DE PATRIMONIO. CLÁSICOS DO CINEMA DE TODOS OS TEMPOS. ENTRADA HABITUAL.

XOV 3 ÁS 20:00 H

PARIS, TEXAS

Wim Wenders

1984 | EUA | 144' | INGLÉS | TP



Un home camiña polo deserto de Texas sen lembrar quen é. O seu irmán búscalo e intenta que recorde como era a súa vida catro anos atrás, cando o abandonou a súa muller e o seu fillo. A medida que vai recuperando a memoria e se relaciona con persoas do seu pasado, considera a necesidade de refacer a súa vida.

Cannes 1984 (Palma de Ouro)

“Unha das películas máis agudas que se fixeron sobre a familia” *The Guardian*

XOV 10 ÁS 20:00 H

REY DE REYES

Nicholas Ray

1961 | EUA | 168' | INGLÉS



Nun alpendre dunha localidade chamada Belén, nace un neno que é adorado por pastores. Ante o rumor de que naceu o Mesías, o rei Herodes ordena asasinar a todos os recentemente nados.

Baseado na historia de Xesús de Nazaret.

Globos de Ouro 1961 (Candidata a Mellor Banda Sonora Orixinal)

“Obra mestra de Nicholas Ray” *Noticias*

XOV 24 ÁS 20:00 H

OS AMORES DUNHA LOURA

Miloš Forman

1965 | CHECOSLOVAQUIA | 80' | GALEGO | +18



Andula traballa nunha fábrica de zapatos nunha cidade industrial decadente de Checoslovaquia. A desproporción de mulleres e homes fai difícil atopar parella e o supervisor tenta solucionalo facendo que o exército asista a un gran baile.

Venecia 1965 (Sección Oficial)

“Todo está presente nesta historia de corte romántico que lembra a Godard e Resnais nas súas formas e intencións” *El Correo*

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.


CICLO GRATUÍTO EN COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE CULTURA DE FERROL

DOMINGO 6 e 20

¡HOLA, FRIDA!

Karine Vézina, André Kadi

2024 | CANADÁ | 82' | VE | +5



Esta é a historia dunha nena diferente. O seu mundo é Coyoacán, en México. Brillante, vibrante, todo lle interesa. E cando

xorden dificultades, afróntaas cunha imaxinación desbordante. Esta nena chámase Frida Kahlo!

Anecy 2024


“Unha ollada tenra e luminosa aos primeiros anos de Frida Kahlo” *Sortir à Paris*

DOMINGO 13 e 27

EL GATO TABBY Y OTRAS HISTORIAS FELINAS

VVAA (curtametraxes)

2024 | 50' | VE | +3



As actuacións do gato Tabby e o seu amigo Fred enchen de alegría as rúas de Londres. Cando se separan de forma inesperada, Tabby emprende unha intensa busca para atopalo. Un programa formado por esta e outras historias cheas de emoción e de gatiños.

Anecy 2024

04 ABRIL

SORDA

Eva Libertad

2025 | ESPAÑA | 99' | ESPAÑOL | TP



Ángela, unha muller xorda, vai ter un bebé con Héctor, a súa parella ouvinte. A chegada da nena xera unha crise na parella e leva a Ángela a afrontar a crianza da súa filla nun mundo que non está feito para ela.

Málaga 2025 (Biznaga de Ouro)

“Un emocionante debut que amosa a violencia social contra as persoas xordas” Cadena SER

11 ABRIL

MUY LEJOS

Gerard Oms

2025 | ESPAÑA | 100' | CATALÁN



Sergio viaxa a Utrech coa súa familia para asistir a un partido de fútbol. Antes de coller o voo de regreso a Barcelona sofre un ataque de pánico e decide ficar en Holanda. Incapaz de dar unha explicación lóxica aos seus, corta o contacto co seu pasado. A partir dese intre, terá que sobrevivir sen diñeiro, sen casa e sen falar o idioma.

Málaga 2025 (Mellor Actor)

“Brillante debut. Mario Casas tan rotundo como soberbio” El Periódico

LA NIÑA DE LA CABRA

Ana Asensio

2025 | ESPAÑA | 95' | ESPAÑOL | +7



Madrid, 1988. Elena, unha nena de oito anos, afronta a recente perda da súa avoa mentres se prepara para facer a Primeira Comunión. A súa amizade con Serezade, unha nena xitana que non se separa da súa cabra, lévaa a cuestionarse se realmente o mundo é tal como llo contaron.

Málaga 2025 (preestrea)

“Tenro e fermoso filme sobre como se ve a escuridade e o misterioso da vida desde a inocencia da infancia.” El País

16 ABRIL

LA VIAJERA

Hong Sangsoo

2024 | COREA | 90' | VARIOS IDIOMAS



Iris, unha viaxeira misteriosa, vagabundeia polas aforas de Seúl. Alí convence unha serie de persoas para lles ensinar francés cun método tan pouco ortodoxo como sedutor, a pesar da súa falta de experiencia. Entre paseos polo parque e botellas de viño de arroz makgeolli, a súa personalidade desinhibida provoca momentos hilarantes e algún malentendido.

Berlinala 2024 (Premio do Xurado)

“Huppert está especialmente sensacional” rogerebert.com

25 ABRIL

LA HISTORIA DE

SOULEYMANE

Boris Lojkine

2024 | FRANCIA | 92' | FRANCÉS



Mentres pedalea polas rúas de París para repartir comidas, Souleymane repite as súas historias. En dous días ten que pasar a entrevista de solicitude de asilo, a clave para obter papeis. Pero Souleymane non está preparado.

Cannes 2024 (Premio do Xurado e Mellor Actor Un Certain Regard)

“Boris Lojkine asina un filme humanista emocionante, conmovedor e edificante sobre tres días decisivos na vida dun exiliado guineano en París” Cineuropa

EL ÚLTIMO SUSPIRO

Costa-Gavras

2024 | FRANCIA | 100' | FRANCÉS | +12



Levados por un bulebulle de visitas e encontros, o médico Augustin Masset e o escritor Fabrice Toussaint se embarcan nun diálogo apaixonado entre o humor e o pranto: unha aventura humana no corazón de todas as nosas vidas.

San Sebastián 2024 (sección oficial)

“Costa-Gavras emociona co seu mellor filme en vinte anos” Fotogramas

30 ABRIL**LA BUENA LETRA**
Celia Rico Clavellino

2024 | ESPAÑA | 110' | ESPAÑOL | +12



Nunha vila valenciana, durante a posguerra, Ana trata de saír adiante coa súa familia; a guerra civil abriu unha profunda ferida en todos eles. Porén, cando Isabel chega á familia, os coidados de Ana valerán de pouco ou nada: o sacrificio non sempre ten a súa recompensa.

Málaga 2025 (Mención Especial do Xurado)

“Unha proposta tan provocadora como precisa, fonda e íntima. Cinema grande” El Mundo

**TEMPADA DE
ÓPERA E BALLE****MAR 1 ÁS 20:15 (directo)****TURANDOT****Andrei Șerban, Rafael Payare**205' (CON DESCANSOS) | ITALIANO VOSE
| MÚSICA: GIACOMO PUCCINI | ÓPERA |
ROYAL BALLE & ÓPERA DE LONDRES

A Princesa Turandot, tan fermosa como desalmada, só casará co home que resolva tres enigmas.

Entradas: 15 € | 12€ para socias/os da Filarmónica Ferrolana

Off DUPLEX**O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO****MAR 8 ÁS 20:00****REAS****Lola Arias**

2024 | ARXENTINA | 79' | ESPAÑOL | +12



Yoseli ten unha tatuaxe da Torre Eiffel nas costas e sempre quixo viaxar, pero foi arrestada no aeroporto por tráfico de drogas. Nacho é un home trans que foi detido por estafa e fundou unha banda de rock na prisión. Neste musical híbrido, todos recrean as súas vidas desde unha prisión de Bos Aires. Unha obra colectiva onde os intérpretes imaxinan un futuro posible para eles mesmos.

San Sebastián 2024 (Premio Sebastiane)

“Experimental, inclasificable e intelixente fita” La Razón

MAR 22 ÁS 20:00**A NUESTROS AMIGOS****Adrián Orr**

2022 | ESPAÑA | 90' | ESPAÑOL | +12



Sara comparte o seu día a día con Pedro e o seu grupo de amigos do barrio. Ao longo dun verán, mentres termina os exames de acceso á universidade, coñece a Paula e fai novos amigos que a introducen ao mundo do teatro. Aos poucos vaíse afastando da súa contorna e daquelas amizades que pensaba que durarían para sempre. No medio deste remuíño de amor, festas e descubrimentos, atrapada entre dúas realidades diferentes, deberá decidir quen quere ser.

DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65


De LUNS a DOMINGO

De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada, agás que se sinala o contrario.

Facemos parte de:





ENSAIO

FRANCO

JULIÁN CASANOVA | EDITORIAL CRÍTICA | 528 PÁX. | **22,90 €**

NUN MOMENTO COMO O ACTUAL AS NOVAS XERACIÓNS “INFÓRMANSE” POR REDES SOCIAIS E MEDIOS FORNECIDOS POLO GRAN CAPITAL QUE BANALIZAN OU SALIENTAN A FIGURA DO DITADOR FRANCO.

Ante isto non hai nada mellor que contrapoñer a un profesional de prestixio que disecciona factualmente a biografía dun ser enfermo de poder e cunha clara capacidade de supervivencia. E iso fai Julián Casanova, un dos máis competentes historiadores contemporáneos que lle leva dedicado á figura de Francisco Franco varios traballos. Neste publicado hai unas semanas destaca a síntese de tantos anos de labor cunha clara vontade pedagóxica. O resultado é un soberbio manual que percorre tres cuartas partes da historia de España no século XX e se achega á figura do militar ferrolán, o ser que máis poder acadou na nosa historia. Analizando elementos claves da súa biografía: orixes, o paso por África, as relacións familiares, a propaganda que o rodeou (desde o seu papel na II Guerra Mundial a súa ignorancia económica, corrupción, etc). Non falta ninguén no relato, cun interesante dramatis personae, unha sintética cronoloxía e un resumo da bibliografía que sobre o personaxe se escribiu. Un manual impecable sobre o ser que freou a modernización do país, fixo do estado un cuartel e do odio unha inversión de futuro.

NOVELA

DEICHE OLLOS E MIRACHES AS TEBRAS

IRENE SOLÀ | EDITORIAL KALANDRAKA | 200 PÁX. | **17 €**

Libro tan particular como estraño, a terceira novela de Irene Solà bebe de lendas do folclore catalán, da xeografía da serra de Lles Guillerries, de receitairos medievais e de historias de bandoleiros que actúan como pano de fondo, como fitos no discorrer da vida intensa dos protagonistas da narración. Ao redor dunha muller agonizante reúnense donas que a antecederon e sucederon. Un relato discontinuo e flamíxero sobre unha xenealoxía de mulleres marcada por un pacto iniciático co díaño. Traduce ao galego a moi activa María Alonso Seisdedos.

NOVELA

SON COMA GLACIARES OS BARCOS DE ACEIRO

CYNTHIA MENÉNDEZ | EDITORIAL GALAXIA | 210 PÁX. | **18,50 €**

Con esta a súa primeira novela de poético título, Cynthia Menéndez elabora un emocionado canto ao Vigo industrial e combativo dos 90 fronte ao modelo de cidade turística onde todo é máis bonito pero menos auténtico. Un relato lírico e apaixonado sobre o mundo dos estaleiros e en concreto nas mobilizacións para que non rematara en mans privadas a factoría Hijos de J. Barreras coa falta de fortuna que se sabe. Narración fragmentaria na que prima a ollada infantil para recrear ese mundo de loita obreira, dignidade e sentido de pertenza á clase traballadora.

DELICIAS SONORAS

**PAVA PAVA 3**

Hai catro anos a poeta e compositora Lucía Aldao comezou o seu proxecto musical baixo o nome de Pava. Dous EPs preceden a este mini LP de cinco temas que continúa a dar forma a unha aventura cada vez máis xeitosa. As letras son unha parte cenital para quen é unha recoñecida poeta que afonda nos conceptos de identidade e no mundo das relacións sentimentais. O facer do proxecto unha banda estable vai acadando no musical unha aspecto cada vez máis atractivo no ronsel do pop independente e os agradecidos arrecendos á Velvet Underground e a bandas C86. Faino sintetizando pezas como a estupenda “Tremendamente coquetas” con ese aire a The Jesus & Mary Chain máis lánguidos, ou “Himno da lesión”. Resulta moi interesante a dobre versión dun mesmo tema como “Catastro”/ “Catastriño”, máis roqueiro o primeiro e máis espido e bluseiro o segundo, como dúas caras da mesma moeda sentimental. Neste sentido a complexa intensidade de “Unha cadela chamada por favor” gaña coas escoitas. E esta reflexión vale para toda este “Pava 3”, un chanzo dun proxecto que segue a medrar. Sen límites á vista.

**BIGOTE CHINO LA VIDA EXPLOTA**

Este traballo está situado entre o pop máis exquisito editado o pasado ano, non queriamos deixar de comentar este disco delicioso do quinteto murciano Bigote Chino. Unha banda de referencias sesenteiras postas ao día que debutou co sensacional EP “Dile la verdad” cheo de chiscadelas a Left Banke, psicodelia e o pop máis luminoso. Tras unha longa espera publicaron hai uns meses no coidadoso selo sevillano Lunar este primeiro LP, unha colección de dez temas baixo o título de “La vida explota”, toda unha promesa de sensacións que non defrauda. Abren co enerxético “Diablos de pompón”, seguen coas cálidas paisaxes de “Si es contigo” e se coroan con “La vida explota”, intensa e sensitiva canción cun hipnótico riff. Por citar outras alfaias, esa “Vacaciones en Sicilia” unha mestura de Sunhine pop e os Pink Floyd de Syd Barrett ou as garaxeiras “Mi mutación” ou “Quiero olvidarlo”, despedíndose coa contaxiosa intensidade de “Un mundo nuevo”. Un disco a contracorrente facturado co gusto luminoso dos clásicos do pop eterno.

**JEFFREY LEWIS THE EVEN MORE FREEWHEELIN' JEFFREY LEWIS**

O músico e artista de cómics Jeffrey Lewis homenaxea/parodia a cuberta do mítico disco de Bob Dylan *The freewheelin* paseando pola mesma rúa que no 63 fixeran o xenio de Duluth e Suze Rotolo pero en pelotas. Típica actitude por quen leva máis dun cuarto de século sendo considerado como un dos referentes do antifolk, ese xénero de sons orgánicos e letras humorísticas sobre as miserias cotiáns no que o acompañan nomes como Moldy Peaches, Adam Green, CocoRosie, etc. Jeffrey Lewis parodia non só a portada senón o título do citado álbum e ao longo de dez irregulares cancións narra miserias propias e alleas. Baixo a produción de Roger Moutenot vai do sinxelo en pezas como a autoanálise de “Do what comes natural” a broma privada “DCB & ARS” ou a longa e hipnótica “Relaxation” aínda que a nosa preferida é a máis complexa e roqueira “Sometimes life hits you”. Un dos mellores traballos deste prolífico músico, todo un talento que neste traballo, alén das referencias evidentes de partida, amosa o seu talento retorcido.

ABRIL

01 martes

EXPOSICIÓN

12.00 h Ateneo Ferrolán. Ferrol.

CARTACES FEMINISTAS:
8M

03xoves

CONTANDO CIENCIA

19.30 h Casa da Cultura. Fene.

IRIA GÓMEZ TOURIÑO:
INVESTIGANDO O LADO
ESCURO DO SISTEMA
INMUNITARIO

04venres

DOCUMENTAL

19.30 h Fundación Artábria.
Ferrol.

DEP. DESTRUIR É O PLAN

MÚSICA

23.55 h Sala La Room. Ferrol.

FAR AWAY PLACE

05sábado

MÚSICA

13.30 h Sala Guión.
Pontedeume.

ANTÍA MUÑO



TEATRO DOCUMENTAL

20.00 h Pazo da Cultura. Naón

FILTRO



MÚSICA

22.00 h Fundación Artábria.
Ferrol.

URKO + CISIXIA

MÚSICA

23.55 h Sala La Room. Ferrol.

ZEST

06domingo

NOVO CIRCO

12.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

COMPAÑA



11venres

PRESENTACIÓN

20.00 h Fundación Artábria.
Ferrol.

**NON CALARÁS! MULLER,
TRABALLO, REBELDÍA**

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

BALDO MARTÍNEZ

MÚSICA

21.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

**TRIBUTU A BRUCE
SPRINGSTEEN**

12sábado

TEATRO

19.30 h Teatro de Beneficencia.
Ortigueira.

**MALA VIDA E PIOR
MORTE DO REI RICARDO**



INFANTIL

20.00 h Auditorio Municipal.
Cedeira.

KYOKI

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

LA REGENTA



MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**LOS MAMBO JAMBO
ARKESTRA**

DOCUMENTAL

22.00 h Fundación Artábria.
Ferrol.

OS DERRADEIROS



MÚSICA

23.00 h Sala Guión.
Pontedeume.

CATUXA SALOM TRÍO

MÚSICA

23.55 h Sala La Room. Ferrol.

KURWA



13domingo

PERFORMANCE

19.00 h Fundación Artábria.
Ferrol.

VIDAS ASOMADAS

16mércores

MÚSICA

23.00 h Sala Guión.
Pontedeume.

DEBOSES

MÚSICA

23.45 h Sala La Room. Ferrol.

KEEPERS

17xoves

MÚSICA

23.55 h Sala La Room. Ferrol.

LIJA Y TERCIOPELO

18venres

MÚSICA

23.55 h Sala La Room. Ferrol.

SINTROM

20domingo

MÚSICA

13.00 h Fundaçom Artábria. Ferrol.

MANU KASOAPARTE E FRAN ZÉLOP

24xoves

POESÍA SALVAXE

18.00 h Ateneo Ferrolán. Ferrol.

MIREN AGUR MAEVA E SILVIA ABAD MONTOLIÚ

19.30 h Antigo Hospicio. Ferrol.

ANXO ANGUIERA (PRESENTADO POR ANTÓN CORTIZAS)

25venres

POESÍA SALVAXE

12.00 h Mercado de Recimil ((e prolongación na Fundaçom Artábria). Ferrol.

ZAPICO ALONSO, EDUARDO MOGA, JUDITE CANHA FERNANDES, HELGA MENDEZ, EUGENIA SANMARTIN, MANOLO BACALHAO

19.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

LA VOZ Y EL MARTILLO (ESTEVO CREUS)

23.00 h Manchita. Ferrol.

ITHA K., SUSO EIROA E COMANDO VOLTAIRE

LIBROS

19.00 h Ateneo Ferrolán. Ferrol.

CIUDAD DE DE LA SELVA, HISTORIA E ARQUEOLOXÍA NOS MONTES DE CASAIO

TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

RECONVERSIÓN



MÚSICA

23.00 h Sala Guión. Pontedeume.

PANCHO VARONA



MÚSICA

23.55 h Sala La Room. Ferrol.

SR. X



26sábado

ARTESANÍA

10.30 h Pavillón A Xunqueira. Fene.

XUNTANZA DE PALILLEIRAS E OUTROS LABORES ARTESANAIS

POESÍA SALVAXE

12.30 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

XOSÉ CACCAMO, BALDO RAMOS, JUDITE CANHA FERNANDES, EDUARDO MOGA / VÍCTOR M. DIEZ, CHEFA ALONSO E KARLOTTI, ESTEVO CREUS / MANOLO BACALHAO CONTANDO A MENDEZ FERRÍN (PRESENTA NICOLAS VIDAL)

20.00 h Cuerda Floja. Ferrol.

LUCÍA ALDAO E EDUARDO MOGA (PECHE)

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

RECONVERSIÓN

CLUBE DE LEITURA

20.30 h Fundaçom Artábria. Ferrol.

NOSSA CONCHA DE RETALHOS, DE THAYANE GASPAR JORGE

MÚSICA

23.00 h Sala Guión. Pontedeume.

CARABELA

MÚSICA

23.55 h Sala La Room. Ferrol.

GOLFA: TRIBUTU EXTREMUDURO

30mércores

MÚSICA

23.55 h Sala La Room. Ferrol.

NUEVO PLAN

Ao peche desta edición da revista (30/03/2025) o Concello de Ferrol non anunciou a súa programación cultural do mes de abril, mantén baleira a súa páxina web e inactivas as súas redes sociais.



Nº 202
ANO XVIII

EDITA:

ee | edicións **embora**
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

@Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilítana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte


Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción




Deputación
DA CORUÑA

 turismo.dacoruna.gal

 @DACTurismo

 Turismo da Deputación da Coruña

 Dacturismo